

Galicia Encantada



ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

PREMIOS

CATEGORÍAS RELACIONADAS

2015_Homenaxe a Galicia Encantada (Festival Atlántica 2015)



Na 3ª edición do **Festival Atlántica**, esta web foi agasallada cunha homenaxe nun acto celebrado no Museo do Pobo Galego na tardiña do 19 de marzo de 2015 (véspera do Día da Narración Oral e do Día Internacional da Felicidade).

No acto interviron Xacobe Rodríguez (de Pavís Pavós), Avelino González, Ángeles Goás, Charo Pita e Rafael Quintía.

Entregou a caracola ou cornamusa, obra de Marcelo Skapinachis, Soledad Felloza, directora do Festival, e recibiu en nome de “Galicia Encantada”, Antonio Reigosa.

Emociona e enorgullece ser parte deste país onde tamén viven xentes que, a pesar de todo, procuran a excelencia no que fan e organizan.

COMENTARIOS ENVIADOS

Albizaras!!!...¡¡¡Albricias!!!...Moi fermosa a caracola e os agasallos e todo e mais...pero o mellor premio e

agarimo de todos é que sigades transmitindo esas lendas e cousas tan fermosa desa Galicia que quere seguir sendo e contando e cantando e vivindo Galicia.

Grazas e moita Saúde.

Goliardo Ceibe

Enviado por Goliardo Ceibe o 23/03/2015 ás 15:48:10